

# 3

## Divisibilidade

Lembra o fundamental

Nome e apelidos: .....

Curso: ..... Data: .....

### DIVISIBILIDADE

#### MÚLTIPLOS E DIVISORES

Se a división  $a : b$  é exacta

$a$  é múltiplo de .....

$b$  é ..... de  $a$

EXEMPLO:

•  $\begin{array}{r} 24 \\ \times 6 \\ \hline 0 \end{array}$

24 é ..... de 6.

6 é ..... de 24.

- Os múltiplos de 7 son: 7, 14, ..., ..., ..., etc.
- Os divisores de 12 son: 1, 2, ..., ..., ... e ....

#### CRITERIOS DE DIVISIBILIDADE

- Un número é múltiplo de 2 cando  
.....  
.....
- Un número é múltiplo de 3 cando  
.....  
.....
- Un número é múltiplo de 5 cando  
.....  
.....

#### DESCOMPOSICIÓN EN FACTORES PRIMOS

|     |   |
|-----|---|
| 200 |   |
| 100 |   |
| 50  | $200 = 2 \cdot 2 \cdot 2 \cdot 2 \cdot 2 = 2^3 \cdot 5^2$ |
| 25  |   |
| 5   |   |
| 1   |   |

#### PARA CALCULAR O MÍNIMO COMÚN MÚLTIPLO DE VARIOS NÚMEROS

1. Descompóñense en factores primos.
  2. Tómanse os factores.....
- .....

EXEMPLO: mín.c.m. (15, 20)

$$\begin{array}{r|rrr|l} 15 & 3 & 20 & 2 \\ & 5 & 5 & 10 & 15 = 3 \cdot 5 \\ & & 5 & 2 & \\ & & & 5 & 20 = 2^2 \cdot 5 \\ & & & 1 & \\ & & & & \text{mín.c.m. (15, 20)} = \dots \end{array}$$

#### PARA CALCULAR O MÁXIMO COMÚN DIVISOR DE VARIOS NÚMEROS

1. Descompóñense en factores primos.
  2. Tómanse os factores.....
- .....

EXEMPLO: máx.c.d. (18, 24)

$$\begin{array}{r|rr|l} 18 & & 24 & \\ & & & 18 = \dots \\ & & & 24 = \dots \\ & & & \text{máx.c.d. (18, 24)} = \dots \end{array}$$

# 3

## Divisibilidade

Nome e apelidos: .....

Curso: ..... Data: .....

### TOMEMOS UN REFRESCO

Despois dun longo día visitando unha embotelladora, merecemos un refresco. Pero, antes, imos pensar un pouco no que vimos, no proceso de embotellado e de empaquetado e nalgúns problemas derivados destas actividades. Son estes:

- 1** A planta produce 1 200 botellas de refresco cada hora. Despois, empaquétanse en caixas de distintos tamaños. Quantas caixas de cada tipo necesitan para empaquetar 1 200 botellas? Completa a táboa:

| BOTELLAS | CAIXAS DE<br>4 UNIDADES | CAIXAS DE<br>6 UNIDADES | CAIXAS DE<br>10 UNIDADES | CAIXAS DE<br>12 UNIDADES |
|----------|-------------------------|-------------------------|--------------------------|--------------------------|
| 1 200    |                         |                         |                          |                          |

- 2** Un operario prepara, para un pedido, 32 caixas de 6 refrescos cada unha. O cliente quereos agora empaquetados de 12 en 12. Quantas caixas hai que facer?

Se o cliente volvese cambiar de opinión e quixese caixas con 10 refrescos, podería facerse coa cantidade inicial de refrescos?

- 3** Na fábrica teñen un pedido de 240 refrescos. Poden empaquetalos, sen que sobre ningún en...

a) ...caixas de 4 unidades?  SI  NON Cantas?

b) ...caixas de 7 unidades?  SI  NON Cantas?

c) ...caixas de 12 unidades?  SI  NON Cantas?

- 4** Idearon un novo refresco de laranxa. Antes de lanzalo, fabricaron soamente 150 litros, e teñen que envasalos. Poden facelo en botellas de 3 litros para que non lles sobre nada?

E de 4 litros?

E de 5 litros?

Nome e apelidos: .....

- 5** Dúas carretillas elevadoras transportan as caixas de refrescos desde a cadea de produción ata os almacéns. Unha delas, A, percorre o traxecto cada 8 minutos, e a outra, B, faino cada 12 minutos. Vimos que coincidiron cando o reloxo marcaba as 10 horas e 8 minutos:

a) Cada canto tempo volverán coincidir? Para que nos resulte máis fácil contestar, escribimos os seis primeiros múltiplos de 8 e de 12. Rodeamos os que son comúns ás dúas cantidades e fixámonos en cal é o menor deles, é dicir, no mín.c.m. (8, 12). Proba a facelo ti.

$$\left. \begin{array}{l} 8 - 16 - \boxed{\phantom{0}} - \boxed{\phantom{0}} - \boxed{\phantom{0}} - \boxed{\phantom{0}} \\ 12 - 24 - \boxed{\phantom{0}} - \boxed{\phantom{0}} - \boxed{\phantom{0}} - \boxed{\phantom{0}} \end{array} \right\} \begin{array}{l} \text{mín.c.m. (8, 12)} = ..... \\ \text{Volven coincidir cada ..... minutos.} \end{array}$$

b) A que hora volverán coincidir?

|   |             |  |  |  |  |  |
|---|-------------|--|--|--|--|--|
| A | 10 h 8 min  |  |  |  |  |  |
| A | 10 h 20 min |  |  |  |  |  |

c) Por cada 6 viaxes da carretilla A, cantas realizará a carretilla B?

- 6** Nunha mesa dispuxeron 8 refrescos de ananás, 12 de limón e 24 de laranxa. Queren empaquetalos en caixas iguais, o máis grandes que sexa posible, sen mesturar os sabores.

Antes de contestar as preguntas, déronnos unha pista: escribir todos os divisores de 8, de 12 e de 24; rodear os comúns ás tres cantidades e fixarnos en cal é o maior, é dicir, o máx.c.d. (8, 12, 24).

Divisores de 8 →

Divisores de 12 →

Divisores de 24 →

máx.c.d. (8, 12, 24) = .....

a) Cantos refrescos poñerán en cada caixa?

b) Cantas caixas se utilizarán para cada sabor?

c) Cantas caixas iguais serán necesarias?

Nome e apelidos: .....

Curso: ..... Data: .....

**E AGORA... UN VASO DE LEITE**


Nas aforas da cidade abriron unha nova planta leitera, na que se enchen os tetrabriks, se empaquetan e se distribúen ás tendas. A irmá dun dos profesores de matemáticas traballa alí e propóñenlle algúns problemas que teñen para que os alumnos e as alumnas intenten resolvélos.

- 1** Unha das máquinas envasadoras enche 240 envases de 1 litro de leite cada hora. A sección de almacenaxe, por cuestión de custos, necesita empaquetalos en caixas que conteñan un número de envases par e menor ca 20. Escribe, na táboa, todas as formas de facelo e o número de caixas necesarias, en cada caso, para almacenar os envases producidos nunha hora.

|                       |     |    |  |  |  |  |  |
|-----------------------|-----|----|--|--|--|--|--|
| ENVASES DE<br>1 LITRO | 2   | 4  |  |  |  |  |  |
| CAIXAS                | 120 | 60 |  |  |  |  |  |

- 2** Acaban de traer outra máquina envasadora, pero os técnicos non saben exactamente cantos tetrabriks enche á hora. Só lles dixerón que enche entre 250 e 300, e que a cantidade exacta pode empaquetarse en caixas de 5 envases, e tamén en caixas de 7 envases e de 20 envases. Axuda os técnicos e calcula o número exacto de envases que enche a nova máquina nunha hora.

- 3** Parece que ao final decidiron envasar o leite en tetrabriks de 1 litro, cuxas dimensións son  $10 \times 20 \times 6$  cm, e agrúpanse en caixas de 36 cm de longo, 20 cm de ancho e 20 cm de alto.



- a) Os mozos do almacén queren saber cantos envases caben nunha caixa. Lembra que os envases se colocan sempre na mesma posición.
- b) O departamento de loxística da empresa quere saber se paga a pena que as caixas sexan cúbicas. Pídenche que colabores no estudo. Cuntos envases de 1 litro cómpren para formar un cubo coa menor aresta posible?

Nome e apelidos: .....

- 4** Para un pedido especial, a empresa necesita empaquetar 96 tetrabriks de leite enteiro e 126 tetrabriks de leite desnatado en caixas de cartón o más grandes que sexa posible, pero sen mesturar os dous tipos de leite.

Cantos tetrabriks deben poñerse en cada caixa?

Cantas caixas cómpren para cada tipo de leite?

- 5** O xefe do almacén quere fixar as quendas de carga e descarga dos camións de repartición e dános a seguinte información: un camión que distribúe o leite emprega 120 minutos en facer a repartición. Outro camión realiza un percorrido de maior distancia e tarda 180 minutos. Os dous camións realizan varias reparticións ao día.

Se a primeira saída para ambos os vehículos é ás 8 da mañá, a que hora volven coincidir?

- 6** Para os camións de repartición, a empresa ten unha sección de mecánica. O seu responsable, para poder prever as necesidades de pneumáticos novos, necesita certos datos. Dános a seguinte información: as rodas dianteiras do camión de repartición teñen 390 cm de circunferencia, e as traseiras, 400 cm.

a) Cal é a menor distancia que debe percorrer o camión para que as rodas dianteiras e as traseiras xiren un número exacto de voltas?

a) Cantas voltas dará cada roda nese caso?

- 7** Despois do proceso de envasado, empaquetado e distribución, chega a hora de vender o leite na tenda do barrio. Se 1 litro de leite se vende a 75 céntimos de euro, calcula os litros que se poden comprar co menor número exacto de billetes de 5 euros.

**Ficha de traballo A****1**

| BOTELLAS | CAIXAS DE 4 UNIDADES | CAIXAS DE 6 UNIDADES | CAIXAS DE 10 UNIDADES | CAIXAS DE 12 UNIDADES |
|----------|----------------------|----------------------|-----------------------|-----------------------|
| 1 200    | 300                  | 200                  | 120                   | 100                   |

**2** 16 caixas.

Non poden facerse caixas de 10 refrescos, porque 192 non é múltiplo de 10.

**3** a) Si; 60 caixas.

b) Non; porque 7 non é divisor de 240.

c) Si; 20 caixas.

**4** Si; obterán 50 botellas de 3 l.

Non; porque 150 non é múltiplo de 4.

Si; obterán 30 botellas de 5 l.

**5** a) Múltiplos de 8: 8 - 16 - 24 - 32 - 40 - 48

Múltiplos de 12: 12 - 24 - 36 - 48 - 60 - 72 - 84

mín.c.m. (8, 12) = 24

b) Volverán coincidir 24 minutos máis tarde, é dicir, ás 10 h 32 min.

c) A carretilla B efectuará 4 viaxes.

**6** Divisores de 8: 8 - 4 - 2 - 1

Divisores de 12: 12 - 6 - 4 - 3 - 2 - 1

Divisores de 24: 24 - 12 - 8 - 6 - 4 - 3 - 2 - 1

máx.c.d. (8, 12, 24) = 4

a) 4 refrescos

b) Ananás: 2 caixas

Limón: 3 caixas

Laranxa: 6 caixas

c) 11 caixas

**Ficha de traballo B****1**

| ENVASES DE 1 LITRO | 2   | 4  | 6  | 8  | 10 | 12 | 16 | 20 |
|--------------------|-----|----|----|----|----|----|----|----|
| CAIXAS             | 120 | 60 | 40 | 30 | 24 | 20 | 15 | 12 |

**2** 280 envases**3** a) 12 tetrabriks

b) mín.c.m. (6, 10, 20) = 60

A caixa terá 60 cm de aresta. Necesítanse 180 envases.

**4** máx.c.d. (96, 126) = 6

Deben poñerse 6 envases en cada caixa.

Leite enteiro: 16 caixas

Leite semidesnatado: 21 caixas

**5** mín.c.m. (120, 180) = 360

Volven coincidir dentro de 360 minutos, é dicir, dentro de seis horas, ás 14:00 h.

**6** mín.c.m. (390, 400) = 15 600

Deberá percorrer 15 600 cm = 156 m

Rodas dianteiras: 40 voltas

Rodas traseiras: 39 voltas

**7** mín.c.m. (75, 500) = 1 500

Usaranse 3 billetes de 5 euros, cos que podemos comprar 20 l de leite.